



CONCELLO DE PARADELA

Avda. Cabaleiros de Santiago s/n – 27611 Paradelas (Lugo)
Telf.: 982 54 11 01/ 96 – Fax.: 982 54 12 32
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

ARTIGO PRIMEIRO: FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co establecido no art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril e arts. 2.1.b, 15.a 19 e 20.4.o do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, establecece a taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais que rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTIGO SEGUNDO: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible deste tributo a utilización das instalacións deportivas municipais integradas polo pavillón municipal de deportes e polas piscinas municipais descubertas.

ARTIGO TERCEIRO: OBRIGAS DE CONTRIBUÍR

A obriga de contribuír nace dende que se inicie a utilización mediante a entrada nas instalacións deportivas municipais.

ARTIGO CUARTO: SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos e obrigados ó pago da taxa as persoas que utilicen as instalacións deportivas municipais.

ARTIGO QUINTO: BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE

A base da taxa que regula esta ordenanza defínese pola realización de actividades durante un tempo determinado para a práctica de diferentes actividades deportivas ou pola utilización dos servizos nos recintos a que alude o artigo 2º.

ARTIGO SEXTO: COTA TRIBUTARIA

A contía da taxa será a que se regula na tarifa seguinte:

Utilización das instalacións do pavillón municipal de deportes		
Por utilización da pista	Con iluminación: 9,00 euros/hora ou fracción	
	Sen iluminación: 6,00 euros/hora ou fracción	
Por utilización do ximnasio	1,00 euro/hora ou fracción (persoa)	
Actuacións extradeportivas	90,00 euros por actuación, por adiantado, debendo formalizarse un aval para responder dos posibles danos, fixándose o seu importe de acordo coa valoración dos servizos técnicos municipais	
Utilización das piscinas municipais descubertas		
Adultos	1 euro	
Mozos/as e nenos/as (ata 18 anos)	0,60 euros	
Abonos mensuais	Adultos	15,00 €
	Mozos/as (ata 18 anos)	10,00 €
	Familiar (ata 3 compoñentes)	30,00 €/mensual
	Familiar (máis de tres compoñentes)	36,00 €/mensual



CONCELLO DE PARADELA

Avda. Cabaleiros de Santiago s/n – 27611 Paradelas (Lugo)
Telf.: 982 54 11 01/ 96 – Fax.: 982 54 12 32
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Os abonados terán dereito a utilizar a piscina a calquera hora do día, no período en que as instalacións se atopen abertas ó público.

Por abonado familiar entendese o matrimonio ou parella de feito e/ou seus fillos (menores de 18 anos).

ARTIGO SÉTIMO

O Concello poderá asinar convenios con asociacións ou entidades deportivas para a utilización das instalacións deportivas municipais a que se refire esta Ordenanza fiscal en competicións deportivas oficiais, de carácter escolar ou para desenvolver actividades de ensino e de formación deportiva.

ARTIGO OITAVO: INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, estarase ó que dispoñen os artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normas tributarias de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal aprobada polo Pleno en sesión extraordinaria de data 19/05/04, entrará en vigor e será de aplicación a partir do día seguinte ó da súa publicación íntegra no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.